XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTECATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintecatro de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CÁNCER.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medioambiente, en data 06.09.2016, elevou a esta Concellería Delegada de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais, o informe de código MAM10I0JT que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIONS E MEDIO AMBIENTE

Asunto: aprobación do convenio coa entidade Asociación Española contra o Cancro para o ano 2016

A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio ambiente que subscribe, Mª Amparo Santamariña Vázquez, en relación co asunto de referencia emite o seguinte informe-proposta ao Concelleiro Delegado en Materia de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais para posterior elevación a Xunta de Goberno Local:

ANTECEDENTES

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social e da saúde por medio do convenio de colaboración coa "Asociación Española contra o Cancro".

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Asociación Española contra o Cancro é unha organización non gubernamental de ámbito nacional, sen ánimo de lucro, idónea para o desenvolvemento das actividades que son obxecto do convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento de 2016.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

Á VISTA DO ANTERIOR, A XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIÓNS E MEDIO AMBIENTE PROPÓN AO CONCELLEIRO DELEGADO DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL O SEGUINTE:
Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Asociación Española contra o Cancro, para o desenvolvemento dos obradoiros ocupacionais (obradoiro de piscina e o obradoiro de fatiga oncolóxica) como subprograma propio dentro "Programa de atención integral ao enfermo de cancro" en Narón no ano 2016."

Visto dito informe e logo da emisión do informe favorable adxunto de fiscalización da Intervención deste Concello (documento con código INT10I0YS), coas salvidades incluídas nel, o Concelleiro Delegado para os asuntos de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ASOCIACIÓN DE DIABÉTICOS DE FERROLTERRA .**.-
Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medioambiente, en data 06.09.2016, elevou a esta Concellería Delegada de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais, o informe de código MAM10I0JU que literalmente di:
"INFORME-PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIONS E MEDIO AMBIENTE

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Asunto: aprobación do convenio coa entidade Asociación de Diabéticos de Ferrolterra para o ano 2016

A Xefa do Servizo de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio ambiente que subscribe, Mª Amparo Santamariña Vázquez, en relación co asunto de referencia emite o seguinte informe-proposta ao Concelleiro Delegado en Materia de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais para posterior elevación a Xunta de Goberno Local:

ANTECEDENTES

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, o Concello manifesta o seu compromiso de promover no seu municipio o desenvolvemento social e da saúde por medio do convenio de colaboración coa "Asociación de Diabéticos de Ferrolterra".

A Asociación de Diabéticos de Ferrolterra é unha organización non gubernamental de ámbito rexional, sen ánimo de lucro, idónea para o desenvolvemento das actividades que son obxecto do convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- *R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento de 2016.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

Á VISTA DO ANTERIOR, A XEFA DO SERVIZO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA, EXPROPIACIÓNS E MEDIO AMBIENTE PROPÓN AO CONCELLEIRO DELEGADO DE SALUBRIDADE PÚBLICA E ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL O SEGUINTE:

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Asociación de Diabéticos de Ferrolterra, para o desenvolvemento da actividade Convivencia de Maiores no ano 2016."

Visto dito informe e logo da emisión do informe favorable adxunto de fiscalización da Intervención deste Concello (documento con código INT10I0YR), coas salvidades incluídas nel, o Concelleiro Delegado para os asuntos de Salubridade Pública e Actividades Medioambientais propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

4 **.- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS CARGOS DE PROTECCION CIVIL : B 58/14, B59/14 ; B 60/14 E B 61/14.**.- Dase conta de diversos cargos por eses conceptos.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es